

## DOS FINAIS DO II MILENIO A.C. Á SEGUNDA IDADE DO FERRO. O ASENTAMENTO FORTIFICADO DE OS PERICOS (RIBEIRA, A CORUÑA)

Por Xosé Ignacio VILASECO VÁZQUEZ

Ramón FÁBREGAS VALCARCE

GEPN. Departamento de Historia I  
Universidade de Santiago de Compostela

«fracasar v.i. Non acadar [algo ou alguén] o resultado previsto ou desexado»  
Dicionario da Real Academia Galega

**Abstract:** We deal with the excavation of an archaeological site placed in a small promontory near the tip of the Barbanza peninsula. The evidence recovered shows the existence of rude defensive works dating to the end of the 2<sup>nd</sup> millennium BC and, later on, the building of circular houses yielding pottery from the Second Iron Age. Several rock shelters were also inhabited during this timespan. Environmental soundings done in this place and nearby areas seem to indicate that significant changes in the shape of the coast line have occurred in the last 3000 years.

**Keywords:** Iron Age, Later Bronze Age, hill fort, shifting sea-level.

### 1. OS PERICOS 2005: NA PROCURA DO CAMPANIFORME INEXISTENTE?

Aínda que achado en datas relativamente recentes, o dos Pericos (Aquiño, Ribeira) é un xacemento histórico do campaniforme en Galicia, ao figurar na primeira monografía publicada sobre dita cerámica no noso ámbito xeográfico (Criado e mais Vázquez, 1982), se ben nada se sabía da descuberta, non sendo a aparición nese lugar dun fragmento desa cerámica. O achado fora publicado

apenas un ano antes (Criado e mais Vázquez, 1981: 39-41), logo de que un particular fixera chegar aos autores o fragmento de campaniforme, recollido «no abrigo dos Pericos». Aínda que únicamente como hipótese, na publicación inicial establecíase a posibilidade de que, ao ser un achado en abrigo, puidese respestar a un enterramento prehistórico, interpretación que se corrixiría definitivamente na devandita monografía ao incluílo xa entre os «hábitats ou poboados», seguramente logo de coñecer que, ao parecer, no abrigo había máis fragmentos de cerámica, posibelmente pertencentes á Idade do Bronce, que non foran recuperados (Criado e mais Vázquez, 1982: 55 e 24). Malia destas novas, o xacemento non chegou a ser estudiado na década dos anos 80 do século XX, e a única novidade que se dá nesas datas é a publicación dunha fotografía do promontorio nun libro sobre a prehistoria do Barbanza (Agrafoxo, 1986: 122). Nos anos 90 o xacemento foi explorado polos arqueólogos Ángel Concheiro Coello e mais Dolores Gil Agra (1997: 28-29), que foron os primeiros en caracterizalo e describilo correctamente, recollendo diverso material cerámico, todo el liso, de formas globulares ou de perfil cóncavo-convexo, así como «un fragmento de labio exvasado con colo moi estrangulado tipoloxicamente encadrábel dentro do grupo denominado de *largo bordo horizontal*»<sup>1</sup>.

A nosa intervención arqueolóxica no xacemento enmarcouse dentro do proxecto de investigación «Ocupación do espazo e modificación do contorno na Península do Barbanza (A Coruña) durante a Prehistoria Recente», financiado con cargo ao Programa Nacional do Plan Nacional de Investigación Científica, Desarrollo e Innovación do Ministerio de Ciencia y Tecnología (período 2002-2005), e aos Incentivos da Dirección Xeral de Investigación e Desenvolvemento da Consellería de Innovación, Industria e Comercio da Xunta de Galicia. Dito proxecto pretendía analizar o desenvolvemento e evolución das sociedades do pasado nunha área concreta, a Península do Barbanza, e durante un período histórico-cultural determinado, a Prehistoria Recente, período habitualmente encadrábel entre o Vº e mais o IIº milenio AC, e que culturalmente se estende desde o Neolítico á Idade do Bronce. Desde unha perspectiva interdisciplinaria propúñase a realización dun achegamento integral ao conxunto de evidencias arqueolóxicas (megálitos, gravados ao aire libre, asentamentos, etc.) e paleoambientais adscribíbeis á época, co fin de obter unha visión más adecuada das sociedades do pasado.

A elección da Península do Barbanza veu motivada por ser unha realidade xeográfica que presentaba uns importantes contrastes tanto desde o punto de vista morfolóxico como bioxeográfico ou arqueolóxico. De feito, viña sendo obxecto de estudos arqueolóxicos desde o comezo da investigación científica no noso país (López Cuevillas e mais Bouza Brey, 1927/28), e foi continuada a partir de entón cun bo número de traballos específicos sobre algunas manifestacións

<sup>1</sup> Queremos aproveitar aquí para agradecer publicamente a Ángel Concheiro Coello toda a información aportada sobre o xacemento, así como a posibilidade de poder consultar o informe inédito da súa prospección.

concretas (megalitismo) e as súas relacións co medio natural (Criado et al., 1986), e obras de síntese (Agrafoxo, 1986), ás que habería que engadir os traballos de prospección e catalogación más recentes (Concheiro e mais Gil, 1994; Guitián e mais Guitián, 2001). Aínda que de carácter parcial (polo espazo abarcado ou a intensidade do traballo de campo), todos estes estudos permitirían localizar un corpus ben definido de xacementos (megálitos e gravados rupestres, fundamentalmente) vinculábeis á Prehistoria Recente, destacando especialmente a descuberta dun verdadeiro foco de arte rupestre ao aire libre. Será sobre este último sobre o que se acabaría centrando a nosa investigación, por diversos motivos entre os que non foi o menos importante o orzamentario, que de paso nos obrigou a cinguir a nosa análise á vertente Norte da península barbanzana.

O proxecto supuxo, daquela, unha reavaliación da arte rupestre ao aire libre no Norte do Barbanza, co fin de establecer a súa relación co seu marco ambiental e con outras manifestacións arqueolóxicas más ou menos contemporáneas (asesentamentos, sepulturas). Para acadar estes obxectivos, e logo dos procesos de prospección e documentación da arte rupestre desenvolvidos, pretendiamos completar a nosa investigación coa realización dunhas sondaxes arqueolóxicas nalgún punto que, pola presenza de materiais ou estruturas próximas / vinculábeis culturalmente ao período de execución e uso dos petroglifos, presentasen un maior interese á hora de podermos documentar mellor as formas de vida do período. Poucos eran os xacementos habitacionais que se coñecían na zona encadrábeis na transición IIIº/IIº milenio AC (Gil, 1993), momento en que se está a realizar boa parte dessa producción artística prehistórica e, xa que logo, a elección d'Os Pericos para afrontar estes obxectivos veuse case como inevitable. Algunxs, como os de Praia Ladeira (Boiro) ou Coira (Porto do Son), son achados en superficie de escasa definición espacial, polo que resultan difíciles de caracterizar. Outros, como o tamén sonense de Cabeiro, atópanse debaixo dunha duna, sendo inviábel na actualidade realizar unha intervención no mesmo sen provocar un importante impacto no medio. Pero a escolla dos Pericos veu motivada sobre todo polas propias características do xacemento, o seu emprazamento e configuración topográfica, e a presenza de materiais arqueolóxicos áinda visíbeis hoxe en día en varios abrigos dos existentes no promontorio en que se sitúa.

## **2. O PROMONTORIO DOS PERICOS: UNHA PEQUENA PENÍNSULA DE CONTRASTES**

A Península do Barbanza atópase situada entre as rías de Arousa (ao sur) e Muros-Noia (ao norte), constituíndo o límite setentrional das denominadas Rías Baixas. Ocupa unha superficie de máis de 400 km<sup>2</sup>, que desde o punto de vista administrativo corresponde cos concellos coruñeses de Lousame, Boiro, Porto do Son, Pobra do Caramiñal e Ribeira. Morfoloxicamente pode ser dividida en dúas

grandes unidades que definen dous espazos dunha enorme variabilidade bioxeográfica: a serra e mais a costa. A serra constitúe un núcleo montañoso escasamente poboado na actualidade, localizado no corazón de dita comarca, duns 550 m de altitude media, que serve de divisoria de augas entre as rías. Arredor dela distínguese unha ampla zona costeira de terras baixas que presentan características ecolóxicas moi diversificadas segundo os sectores. Neste amplio e variado espazo o xacemento prehistórico dos Pericos está situado no seu extremo más meridional, en plena rasa litoral (Figura 1). A zona é na práctica unha pequena península coñecida tamén co nome de Punta Falcoira ou Punta Perico ou do Couso. Constitúe o límite oeste da pequena badía na que se sitúa a praia de Couso, e tamén o punto más externo da badía que se estende ao oeste de Aguiño, e, en realidade, de toda a beira norte da ría de Arousa, dando paso a partir dela ao mar aberto, ao que xa está exposta a badía de Corrubedo.

A península dos Pericos é en realidade un promontorio rochoso que, á súa vez, se insire nunha área de terras baixas con depósitos de orixe eólica nas inmediacións e, más afastadas, áreas de humedais e de labradío. Nel abundan os afloramentos graníticos, mentres que a terra é moi escasa, constatándose únicamente uns pequenos espazos aterrazados entre os batolitos, ao xeito de recháns. Está rodeado polo mar aberto a Oeste, Sur e Sueste, e o único punto polo que se une á rasa litoral, que apenas acada os 12 m de altitude nas súas proximidades, é o NE. A península ten unhas dimensións máximas de 300 m en sentido N-S por 150 m en sentido E-W, cunha altitude máxima no seu centro de 30 m sobre o nivel do mar. A topografía da rasa descende suavemente cara á costa en sentido N-S nas proximidades do promontorio, e, ao chegar ao seu pé, acada os 5 m de altitude, unha situación que está algo deturpada na actualidade pola construcción dunha piscifactoría.

A fisiografía actual do promontorio está moi marcada pola proximidade do mar, xa que, dominada pola presenza no cumio duns grandes batolitos que gardan unha aliñación xeral N-S, amosa claras diferenzas entre as vertentes leste e oeste. Toda a metade occidental, exposta ao mar aberto e á influencia dos ventos dominantes, presenta unha ampla banda duns 30-40 m de anchura de rochas lavadas pola marea e con ausencia total de solo. O resto do espazo está ocupado por grandes batolitos entre os que existen extensións de solo de moi pequeno tamaño en planta, e, polo xeral, dispostas en forte pendente. A metade oriental, más protexida pero más estreita en extensión, tamén está protagonizada pola presenza de abundantes afloramentos graníticos, pero entre eles ábrese unha pequena terraza de suave pendente (**terraza leste**) duns 30 m. de lonxitude en sentido N-S, por uns 16 m. de anchura, e que remata nun cantil sobre o mar, dominando en altura a actual praia de Couso. Dita terraza presenta áinda unha prolongación cara ao SW, de menores proporcións (25 x 8 m) e peores condicións de habitabilidade pola forte pendente ascendente que garda o terreo (**terraza sur**). A zona más setentrional da península presenta unha peculiaridade importante xa que, entre os grandes batolitos, e rematando unha área de terreo de forte




FIGURA 1: Situación do xacemento e zonas intervirdas do mesmo.

pendente que desemboca na rasa litoral, se sitúa un pequeno espazo aterrazado (**terraza norte**) de planta aproximadamente ovalada, duns 25 m. en sentido NW-SE, por 11 m no eixo NE-SW, que presenta un espléndido dominio visual sobre o terreo circundante. Este aterrazamento semellaba estar construído artificialmente mediante un murete que contiña as terras polo norte, coa finalidade ben de dificultar ou impedir o acceso dende terra, ou ben de xerar unha área máis achaizada con propósitos diversos.

Ademais, por toda a superficie do promontorio os grandes bloques graníticos configuran en ocasións pequenos abrigos naturais, ben pola existencia de amplas viseiras de erosión mariña, ben pola creación de espazos protexidos polo encabalgamento dos bloques graníticos. Isto non permite a existencia de grandes superficies a resgardo dos elementos, nin facilita a formación e estabilidade dos depósitos sedimentarios, xa que a acción do vento, da escorrentía, nalgún caso da oleaxe e, finalmente, das actividades de humanos e animais teñen segundo os casos fortes efectos na conservación dos recheos nos abrigos. Estes presentan un solo de forte compoñente areosa, derivada da erosión dos penedos e dos aportes eólicos fundamentalmente. A súa distribución é variada por todo o promontorio, pero áinda que existe algúns na ladeira oeste ou mesmo nas proximidades do cumio da península, abundan máis no lado oriental, documentándose unha especial concentración ao norte da denominada terraza leste, e rodeando a terraza sur. A habitabilidade dos abrigos é variable, e dependente da súa exposición aos ventos do W e SW, portadores dos temporais, da insolación e iluminación deses espazos e, loxicamente, do espazo físico dispoñíbel entre as rochas.

No momento inicial da intervención resultaba difícil delimitar a extensión do xacemento dentro da figura fisiográfica que vimos de describir. A presenza de fragmentos cerámicos de apariencia prehistórica documentábase en varios dos abrigos rochosos anteriormente citados, nomeadamente en dous localizados ao norte da denominada terraza leste, configurados pola presenza de senllas grandes rochas que actúan como viseiras protectoras, pero que ao mesmo tempo dificultan a habitabilidade dos mesmos. Un terceiro, situado xusto ao norte da terraza, presenta unhas condicións de habitabilidade axeitadas, pero apenas semellaba conservar solo fértil. Os abrigos que rodean a terraza sur foron os que aportaron máis materiais na prospección dos anos 90<sup>2</sup>, pero presentan unhas condicións de habitabilidade praticamente nulas, por ser na maior parte dos casos auténticas *fendas*. Con respecto ao resto do terreo, a zona occidental non semella moi axeitada para o asentamento das comunidades humanas, por mor da súa exposición ás inclemencias do tempo e mais o mar. Todo o contrario semella suceder coa terraza leste, na que a súa exposición, abrigo dos ventos dominantes e situación de dominio visual sobre o contorno inmediato a converten nun lugar

---

<sup>2</sup> Información persoal de A. Concheiro Coello.

axeitado para a habitación. Así e todo, a presenza dunha importante cuberta vexetal impedía coñecer se este espazo presentaba restos arqueolóxicos. Finalmente, a denominada terraza norte, na que tampouco había indicios de materiais non sendo un anaco de cerámica moi rodado localizado na superficie dun abrigo do seu extremo leste, parecía un lugar axeitado para a ocupación humana, tendo en conta a súa posición estratéxica sobre a rasa litoral próxima, configurándose así nun posto de control para o posíbel asentamento. Este carácter defensivo viase reforzado pola presenza do aterrazamento artificial que o delimitaba polo norte, e que lembraba estruturas documentadas nalgúns xacementos do Calcolítico e a Idade do Bronce do NW peninsular, como os que se atopan fronte ao santuario de El Pedroso (Trabazos de Aliste, Zamora) (Bradley et al., 2005).

### 3. AS SONDAXES ARQUEOLÓXICAS DE 2005

As sondaxes realizadas no ano 2005 polo noso equipo<sup>3</sup> pretendían, fundamentalmente, confirmar a existencia dun xacemento arqueolóxico no promontorio dos Pericos, definindo, de ser o caso, as súas características, estruturas, estratigrafía, e extensión mínima, o que permitiría realizar unha primeira caracterización cronolóxica, cultural e funcional da ocupación ou ocupacións que eventualmente se terían producido na península. Co fin de completar estes obxectivos decidiuse facer un conxunto de pequenas sondaxes esparexidas por todo o promontorio, escollendo aqueles puntos que segundo a descripción realizada no apartado anterior semellaban de máis interese: a Terraza Norte e mais a Terraza Leste, ademais de dous dos abrigos existentes no lugar. No caso de que algunha (ou varias) destas sondaxes resultase estéril, e o tempo de intervención así o permitise, prevíase realizar algúna outra sondaxe, e de feito durante os traballos chegouse a iniciar unha quinta sondaxe no cumio da Terraza Sur, que apenas foi decapada. En paralelo á actividade arqueolóxica realizouse tamén unha mostraxe edafoloxica en varios depósitos sedimentarios e edáficos do contorno dos Pericos<sup>4</sup>, co fin de obter información sobre as condicións do medio durante a ocupación do xacemento, e, eventualmente, testemuñar as alteracións de carácter antrópico que puidan marcar a súa evolución e desenvolvemento. Os puntos escolleitos foron, ademais dunha praia próxima aos Pericos, o propio perfil da terraza leste, onde se documenta un espeso depósito de area que semellaba o resto dunha duna fósil; e o cantil contra o mar que se sitúa ao pé da terraza norte. (Figura 1)

<sup>3</sup> A intervención foi dirixida por X. I. Vilaseco Vázquez, contando con Víctor Barbeito Pose como axudante de dirección, e con M.<sup>a</sup> José Bóveda Fernández, Adelino Gorgoso López e Carlos Rodríguez Rellán como equipo técnico. O equipo de escavadores estivo formado por Ramón Fábregas Valcarce, Lucía Mejueiro Barros, María Rego Hermida, Emilio Rodríguez Álvarez, Xandra Rodríguez Bello, Miguel Suárez Omil e Luis Velasco Martínez.

<sup>4</sup> A extracción das mostras, que ainda están en estudo, foi realizada polo equipo do Prof. Dr. A. Martínez Cortizas.

### 3.1. A Terraza Norte

A sondaxe na terraza norte pretendía centrarse no estudo do que semellaba un pequeno murete de pedras que en apariencia delimita a terraza polo lado setentrional, xa que, de se confirmar a súa adscrición prehistórica, estariamos diante dun posíbel elemento defensivo de comezos da Idade do Bronce, descoñecido até o momento en zonas tan noroccidentais da península Ibérica. Practicouse unha sondaxe de 4 x 2 m. no punto de inflexión da terraza, abarcando boa parte do comezo da caída da pendente, sobre a suposta estrutura. A sondaxe tivo que situarse no sector NE da terraza, onde o seu cumio estaba menos claro, ante a imposibilidade de escoller a zona onde a estrutura estaba mellor definida, por se situar nese punto un camiño<sup>5</sup>. Inmediatamente baixo a terra vexetal situábase toda a estrutura do murete, deixando claro que coa gabia de sondaxe non se abarcaba o interior da terraza, polo que se decidiu ampliar esta en dous metros en dirección sur, áinda que únicamente na súa metade oeste. Nesa zona ampliada localizouse un encachado de pedras similar ao da terraza (Figura 2). Dita estrutura estaba construída con pedras de mediano e grande tamaño (media duns 40 cm. de longo), frecuentemente espetadas en sentido contrario á pendente; eran frecuentes os cantos rodados, posibelmente subidos desde a beiramar próxima. Áinda que non foi posíbel determinar se existían diferenzas de construcción entre a estrutura propiamente dita (a ladeira) e mais a superficie creada por esta (a terraza) por mor do exígua da sondaxe, semellaba que nesta última as pedras eran dun tamaño moito menor. O punto de inflexión do aterrazamento coincidía en profundidade cun afloramento granítico sobre o que se apoiaba a estrutura.

Dado que apenas se documentaron restos arqueolóxicos de ningún tipo até o encachado pétreo, fixose necesario levantar a estrutura co fin de poder contextualizala, pero restrinxindo a operación á metade oeste, co fin de minimizar na medida do posíbel as alteracións sobre o xacemento. Unha vez feita dita tarefa constatouse, ao interior do espazo aterrazado, unha secuencia de niveis de terra marrón areosa, que se diferenciaban entre si pola presenza dunha tonalidade máis ou menos clara e unha variable presenza de gravas. Todos eles eran moi fértiles en canto a materiais cerámicos, e os seus límites inferiores eran relativamente nítidos e viñan marcados por pequenos depósitos (en canto á espesura) de cantos dispostos aproximadamente na horizontal, ao xeito dunha plataforma<sup>6</sup>. Apoiábanse sobre as pedras da estrutura de terraza (é dicir, eran posteriores á construcción desta) agás o terceiro e último destes niveis de cantos documentado, que é anterior a aquela, xa que os grandes cantos que a forman descansan sobre el. A escavación paralizouse a esta cota, sen que se levantase este depósito de cantos,

<sup>5</sup> A autorización da Demarcación de Costas en Galicia para intervir no xacemento obligábanos a prestar especial atención en garantir o tránsito polo dominio público así como o acceso ao mar.

<sup>6</sup> Preferimos non falar de pavimentos polo de agora xa que non temos unha constatación clara sobre o carácter dos mesmos.

*Dos finais do II milenio...*




FIGURA 2: O terraplén da Terraza Norte unha vez retirada a cuberta vexetal.




FIGURA 3: Perfil oeste da cata da terraza norte, coa «muralla» apoiada sobre o afloramento.

a unha profundidade aproximada de 1 m, polo que é posíbel que aínda existan máis niveis na mesma. (Figura 3).

Os materiais cerámicos recuperados, aínda en estudo, son todos moi coherentes entre si, a pesar das diferenzas de nivel documentadas, mesmo naqueles que se recollerón sobre a estrutura de aterrazamento. Trátase de cerámicas feitas a man e mal modeladas, con grumos na masa, abundantes desengrasantes de cuarzo de gran grosor, e predominio absoluto de cores laranxas e encarnadas. As formas das bocas son pouco estranguladas, e os remates moi sinxelos, o que sinala unha falta de dominio na técnica. En ocasións obsérvanse pezas que presentan un brunido exterior de moi boa factura, pero son moi pouco frecuentes. Non se aprecian decoracións, aínda que si apliques como asas, cilíndricas ou aplanadas, algunas partindo desde o labio da peza. Os paralelos más salientábeis que se poden apuntar para estas cerámicas, tanto pola factura como, por exemplo, as formas dos bordes, son os materiais dos castros de Torroso, Penalba e Neixón Pequeno, todos eles adscribíbeis ao comezo da Cultura Castrexoa, a finais da Idade do Bronce do NW<sup>7</sup>.

A datación do único carbón localizado en toda a sondaxe, recuperado no nivel de terra situado sobre o último depósito de cantos, e realizada na Uppsala Universitet (Ua-32504), aportou un resultado de  $2895 \pm 45$  BP (1260-930 cal B.C.)<sup>8</sup>. Desgraciadamente, ao tratarse dun fragmento de madeira carbonizada de *Quercus caducifolio*<sup>9</sup> non podemos desbotar a posibilidade de que dito valor sexa algo máis vello do que o episodio arqueolóxico que se pretende datar.

### 3.2. O abrigo 1

Sitúase uns 20 metros ao norte da terraza leste, nunha zona de acusada pendente a carón do camiño de ascenso que desde a praia de Couso permite acceder a dita terraza. Está formado por un grande batolito granítico que descansa sobre outros afloramentos, configurando un espazo duns 30 m<sup>2</sup>, e deixando na actualidade unha altura útil algo maior ao metro na parte más próxima á súa entrada, e descendendo de forma acusada en dirección sur. Foi escollido para intervir nel, a pesar de presentar unha forte pendente no seu piso, porque na súa superficie existía abundante material cerámico. Ademais, aínda a día de hoxe presenta unhas condicións de abrigo axeitadas, que fan do mesmo un dos más empregados polos excursionistas ocasionais. No seu interior practicouse unha sondaxe de 3 x 1 m., en sentido aproximadamente N-S, co fin de abarcar unha


<sup>7</sup> Caracterización inicial realizada sobre unha pequena mostra pola Prof. Dra. Josefa Rey Castiñeiras, a quen agradecemos a súa amabilidade.

<sup>8</sup> As calibracións que se citan no artigo son a 2 sigma, realizadas co programa OxCal v. 3.10 (Bronk Ramsey 2005) basado na curva de calibración de Reimer et al. (2004).

<sup>9</sup> A flotación das mostras, así como a análise antracoloxica dos carbóns do xacemento foi realizada por María Martín Seijo.

parte representativa do abrigo en planta. A cata situouse o máis próximo posibel á boca de entrada desde o camiño de acceso próximo (zona norte), onde semellaba existir unha maior potencia estratigráfica. A superficie a escavar presentaba unha acusada pendente, cuns 60-65 cm. de desnivel entre a zona norte e mais a sur, sendo esta última a que presentaba a súa cota máis baixa.

A sondaxe presentou unha estratigrafía unilineal, coas unidades estratigráficas superpostas unha sobre a anterior sen interrupcións nin rupturas; todas elas presentaban tanto a súa superficie como a súa base cunha pendente moi acusada, seguindo case en paralelo as cotas iniciais da sondaxe. Consistían en depósitos de area de gran fino e cores variadas, con abundantes inclusións de carbón, numerosos fragmentos cerámicos de pequeno tamaño, así como pequenas pedras, seguramente rodadas pola ladeira, cunchas de bivalvos e ósos de animais. Na base da secuencia situábase un depósito moi pouco profundo, duns 4 cm. de espesura máxima, de area de cor praticamente negra, e completamente estéril non sendo pola presenza de abundantes fragmentos de madeira carbonizada (Figura 4). A análise de dúas mostras para flotación tiradas deste depósito



**FIGURA 4:** Nivel de queimado na base do abrigo 1. A dereita e esquerda apréciase parte do nivel de area subacente, restos da duna fósil.

amosa unha ampla representación de especies vexetais entre as que predominan as *Fabaceae*, acompañadas das *Maloideae*, *Quercus* caducifolio, e *Salix/Populus*, amén doutras menos representadas. Este depósito daba paso a un nivel de area de praia de cor amarela, moi solta, que se amosou completamente estéril, e que parece ser parte dunha duna fósil que tamén se localiza no perfil da próxima terraza leste. A impresión tirada durante a escavación foi que o nivel de area negra respondía a un incendio intencional realizado na duna inmediatamente antes de que se producise a ocupación humana nesta zona, algo que parece confirmar a variedade de especies documentadas. Unha mostra de carbón, identificada como *Fabaceae* e remitida á Uppsala Universitet (Ua-32505), data dito incendio no  $2350 \pm 40$  BP (92.1%: 550-360 cal B.C.).


Os materiais cerámicos eran relativamente abundantes nos niveis superiores da sondaxe. Están moi fragmentados, pero corresponden a pezas fabricadas a man, de superficies maioritariamente brunidas; a maior parte dos bordes son rectos, de labio plano, e os fondos igualmente planos. Unicamente se localizou un fragmento de cerámica decorado, na superficie do abrigo antes do comezo da escavación, que presenta incisións estreitas en bandas oblicuas que alternan de dirección, separadas por bandas de liñas incisas horizontais (ou verticais) más anchas e menos profundas. Aínda que foi interpretado inicialmente como un posíbel campaniforme internacional inciso, corresponde en realidade a unha xerra castrexia de tipo «Toralla». Recolleuse tamén abundante material lítico, ainda pendente de estudio, así como restos orgánicos (cunchas, ósos e madeira carbonizada).

### 3.3. O abrigo 2

Situado no extremo norte da terraza leste, da que en realidade é o seu remate más setentrional, é coñecido popularmente como «A Sala do Perico». Trátase dun amplo abrigo rochoso formado pola erosión eólica producida sobre unha grande rocha granítica, que ten configurado dous espazos: un, o meridional, no que a erosión ten creado unha grande viseira, pero no que apenas semella existir potencia estratigráfica, e outro oposto, situado do outro lado da viseira, no que a rocha, apoiada sobre outros batolitos próximos, configura un abrigo de grandes dimensións, cuns 9 m. de longo en sentido N-S, por 5 en sentido E-W, e unha altura media de 1,5 m. O espacio baixo o abrigo supera os 50 m<sup>2</sup>, e en todo el a acción de lavado pola auga é moi evidente, e semella estar a alterar os sedimentos. Ao norte do abrigo esténdese un espacio ao ar libre, pero protexido polos batolitos, de máis de 10 m de longo en sentido N-S, por preto de 5 m de ancho en sentido E-W. No interior deste abrigo situouse unha sondaxe de, aproximadamente, 2 x 2 m. A localización do mesmo veu motivada polo descubrimento, logo do varrido inicial de toda a súa superficie, do que semellaba un durminte de muíño barquiforme escavado nunha das rochas do substrato, sobre o actual piso do abrigo, que

ademas coincidía coa zona na que este presentaba, baixo o afloramento que fai de teito, unha maior potencia estratigráfica.

Desgraciadamente, o espazo sondado presentou unha estratigrafía que resultou ser un grande revolto. Sucedérонse os niveis de terras escuras con outros amarelentos, compactos e soltos, nos que xunto a abundante material de aparenzia prehistórica se atopaban restos de malacofauna, materiais contemporáneos e excrementos humanos. Os depósitos presentaban diversos cortes no seu interior, producidos por escavacións contemporáneas, así como, en todo o extremo leste da sondaxe, a carón dun afloramento, evidencias dun posíbel suco de escorrentía de augas. O único elemento singular foi a constatación da presenza dun muíño navicular escavado nunha das rochas de substrato, aproximadamente en posición central ao abrigo (Figura 5). A cota final de profundización foi aos 40 cm., sen que se esgotase toda a potencialidade arqueolóxica. Os materiais cerámicos recuperados están moi fragmentados, e os de aparenzia prehistórica semellan todos adscribíbeis ao mundo castrexo.



**FIGURA 5:** Muíño navicular escavado nunha rocha do substrato no interior do abrigo 2.

### 3.4. A Terraza Leste

Unha vez rozada constatouse que a superficie da terraza, tal e como aparentaba, presentaba unha forte pendente en dirección leste, é dicir, cara ao mar, que en principio facía probábel que os depósitos arqueolóxicos, de teren existido, estivesen moi erosionados. Por isto decidiuse situar a sondaxe, de 3 x 2 m. e co eixo maior en sentido E-W, no extremo oeste da terraza, ao pé dos batolitos que a configuran por ese lado, e entre eles e mais un pequeno afloramento situado a preto de 3 m. deles, coa esperanza de que este tivese retido parcialmente os eventuais depósitos, dificultando a erosión. Baixo a cuberta vexetal situábase un encachado de pedras de mediano e grande tamaño, algunas delas cuntos rodados. A súa cota superior gardaba a mesma pendente que a inicial da terraza, e amosábase ao xeito dun derrube, con disposición completamente informe xa que as pedras estaban espetadas en todas as direccións, algunas mesmo de pé, áinda que ocasionalmente semellaban localizarse pequenos cuntos, algúns deles partidos, ao xeito de cuñas. Entre as pedras dispúñase a mesma terra gris que constituía o nivel superior, así como abundante material arqueolóxico, completamente incongruente co esperábel ante a suposta cronoloxía do xacemento.

No interior do nivel de derrubo foi posíbel delimitar parte da cimentación dun muro de planta tendente a circular (Figura 6). Arrancaba aproximadamente do centro do borde leste da cata, xusto fronte ao afloramento que a limitaba por esta zona; de feito, no afloramento, en altura, aprécianse uns pequenos entalles apenas perceptíbeis que puideron servir para asentar as pedras do muro no seu desenvolvemento en altura. Desde este punto percorría a sondaxe formando un grande arco cara ao NW, e continuando máis alá do perfil da cata. Tratábase dun muro de cachotería de granito duns 50 cm. de anchura, construído mediante o sistema de sobre cara, con pedras de mediano tamaño colocadas a «hueso», co seu lado más recto facendo os exteriores da parede e dispostas de forma aleatoria a «soga e tizón», mentres que o interior se enchía con abundantes cachotes de pequeno tamaño, a xeito de cuñas sen argamasa. Unicamente se conservaban de unha a dúas fiadas en altura, o que apenas supuña uns 40 cm. Non se atoparon pavimentos conservados. O muro apoiaba nun nivel de terra marrón clara, moi compacta e dura, con pedras de pequeno tamaño e fértil desde o punto de vista arqueolóxico.

Os materiais desta terraza son todos eles antigos, e moi coherentes entre si. Todos os niveis eran fértiles, xa que mesmo no muro localizado se atopou un fragmento de movente dun muíño barquiforme reutilizado na súa construcción. As cerámicas corresponden a pezas con pastas moi ben decantadas, desengrasantes de cuarzo visíbeis pero de pequeno tamaño, e unhas facturas bastante coidadas, con acabados alisados ou brunidos. De entre as pezas mellor clasificábeis salienta un fragmento de borde plano e reforzado, con prolongación cara ao interior da peza e decoración impresa, que se corresponde aos característicos bordes reforzados tipo Vigo do mundo castrexo final (Rey, 1990-91). Outra peza salientábel é unha

*Dos finais do II milenio...*



FIGURA 6: A cabana castrexa da terraza leste en proceso de excavación.

asa aplanada, das denominadas «de carrete». Ademais, localizáronse varios fragmentos de ánfora, ainda en estudo pero seguramente adscribíbeis, igual que a asa anterior, ao cambio de Era.

Cómpre sinalar que tamén se realizou unha sondaxe na Terraza Sur, en realidade unha prolongación en altura da Leste. Na mesma, paralizada cando únicamente se tiñan rebaixado uns 30 cm., apareceron indicios dun novo muro de cachotería, así como abundantes fragmentos cerámicos de pequeno tamaño, entre os que salienta un novo exemplar de xerra ou ola tipo Toralla, decorado cun mínimo de seis incisións anchas, posibelmente dispostas en horizontal, asociadas a unha banda de liñas incisas más estreitas dispostas en sentido oblicuo.

#### **4. PERSPECTIVAS: DAQUELA ... QUE VÉN SENDO OS PERICOS?**


As sondaxes arqueolóxicas nos Pericos teñen permitido confirmar, en primeiro lugar, a existencia de restos arqueolóxicos en toda a superficie intervista, que abarca a terraza norte e toda a zona oriental do promontorio do mesmo nome, as más axeitadas para a habitación desde o punto de vista das condicións estratéxicas e ambientais actuais. Carecemos de datos sobre toda a zona occidental, hoxe en día con moito menos solo por mor da acción erosiva do mar e mais o vento, xa que non foi examinada nesta actuación, áinda que cómpre sinalar que no interior dalgún dos abrigos situados na súa zona máis alta, iso si, difícilmente habitábeis, se localizou algúns fragmentos cerámicos moi rodados. A presenza dunha ocupación tan extensa é xa un primeiro punto importante, dado que antes de comezar os traballos únicamente tiñamos información sobre a presenza de restos arqueolóxicos para algúns dos abrigos rochosos que se atopan no promontorio. Outro aspecto importante, á parte da extensión do xacemento, vén dado pola información que sobre o estado de conservación do mesmo foi obtida a través das sondaxes, moi precaria en xeral, non sendo a terraza norte, por mor da acción combinada dos axentes atmosféricos, o mar e o ser humano. Pero sen lugar a dúbihdas o máis interesante dos resultados é a caracterización do mesmo desde o punto de vista cronolóxico e cultural, que ten aportado unha serie de importantes sorpresas, a maior parte delas impensábeis ao programarmos os traballos no xacemento. De feito, mesmo parece claro que podemos falar, en principio, de dous xacementos diferentes, áinda que contiguos (Figura 7).

##### **4.1. Os Pericos: un xacemento campaniforme?**

A intervención realizada non permitiu confirmar a presenza dunha ocupación campaniforme nos Pericos, á espera de realizar un estudo en profundidade dos materiais localizados. É posíbel que, con base nisto, teñamos que replantexarnos a «campaniformidade» dos Pericos, dado que nin sequera coñecemos con

*Dos finais do II milenio...*

**Asentamento fortificado do Bronce Final**



**FIGURA 7:** Interpretación do xacemento (Fonte fotografía de base: SIXPAC).

seguridade o lugar exacto en que foi recollida a peza publicada<sup>10</sup>. De todos os xeitos, cómpre sinalar que non temos esgotado a potencialidade arqueolóxica de ningunha das catas (salvo, ao noso xuízo, no abrigo 1), polo que é posíbel que non acadaramos áñda os niveis en que se atopa a ocupación de época campaniforme, ou mesmo que esta se estea a dar nunha zona non intervida por nós. Neste sentido, cómpre sinalar que a presenza de ocupacións calcolíticas en lugares que despois serán reocupados durante o Bronce Final e mais a Idade do Ferro ten sido salientado con relativa frecuencia para o norte de Portugal (p. ex., en São Julião –Bettencourt, 2000– e mais na Santinha –Bettencourt, 2001–) e mesmo en Galicia, como no castro das Orelas (Silleda, Pontevedra) (Suárez e mais Carballo, 1991-92).

#### **4.2. Os Pericos: un xacemento do Bronce Final?**

A confirmación do carácter prehistórico do murete que delimita a *Terraza Norte*, así como a existencia dunha ocupación a el asociada, veu acompañada da sorpresa sobre a cronoloxía desta última. Logo da intervención, a terraza pode interpretarse como unha especie de terraplén artificial construído con cantos e grandes bloques que se apoian sobre un afloramento granítico da zona, co fin seguramente de reducir o volume de pedras a mover. A expensas dos resultados provisionais que cabe esperar da exigüidade da intervención, a estrutura parece ter sido construída sobre un encachado de cantos de pequeno tamaño, que faría de pavimento á eventual ocupación, e que se atopa aproximadamente a un metro de profundidade con respecto á cota actual do terreo. Descoñecemos se baixo el existen máis niveis arqueolóxicos (sexan estes de preparación para a construcción do encachado, ou ocupacións anteriores á súa fabricación), pero a partir del desenvólvese unha importante estratigrafía, con varios depósitos de terra separados por encachados de cantos, e nos que os materiais cerámicos son todos moi coherentes entre si: cerámicas mal modeladas de formas pouco estranguladas que presentan como paralelos más próximos os materiais dos castros de Torroso, Penalba ou Neixón Pequeno. Parece existir unha lixeira diferenza entre as cerámicas do nivel más inferior, más toscas cás demais en canto a factura e acabados, que se cadra están a sinalar que cando menos parte desta estratigrafía ten unha proxección cronolóxica, e, xa que logo, existe unha certa continuidade na ocupación. Ese nivel inferior, primeiro de ocupación logo da construcción dessa «muralla», foi datado cara aos ss. XIII-X cal BC, coas reservas xa comentadas más enriba.

A Terraza Norte dos Pericos, daquela, parece configurarse como un pequeno asentamento «fortificado», con terraplén defensivo, adscribíbel ao Bronce Final, mellor que ao Castrexo Inicial (Figura 8). Contra os xacementos que serven de

---

<sup>10</sup> Probablemente o fragmento de largo bordo horizontal localizado por Concheiro e mais Gil haxa que reinterpretalo á luz da cerámica castrexa.



**FIGURA 8: Poboado do Bronce Final d'Os Pericos (Terraza Norte) visto desde o NW.**

referente para os seus materiais, non se trata dun auténtico castro, xa que non hai muralla claramente definida, senón unha simple terraza defensiva, e o espazo ocupado parece moi escaso (sobre uns 350 m<sup>2</sup>), a non ser que se teña producido unha merma importante do xacemento como consecuencia da erosión, tal e como sucede na Terraza Leste, ou que o poboado se estenda por outras zonas do promontorio onde polo de agora unicamente se teñen documentado ocupacións posteriores. Sen lugar a dúbidas, o paralelo máis claro que atopamos para esta Terraza Norte é o das ocupacións do Bronce Final de São Julião (Bettencourt, 2000). Aquí tamén se documenta unha primeira ocupación situada entre os séculos XI-X AC, á que lle segue, xa no século IX AC, unha nova fase na que se produce a monumentalización do asentamento mediante a construción dun terraplén/muralla. Os parecidos entre esta muralla e mais a dos Pericos son evidentes, igual que as propias dimensións dos dous asentamentos (333 m<sup>2</sup> para a plataforma superior de São Julião). E, de se confirmar a data do asentamento<sup>11</sup>, mesmo semella que os procesos de formación da paisaxe fortificada se están a dar

<sup>11</sup> Estamos á espera de novas datacións para o nivel inferior.

de forma praticamente coetánea no norte de Portugal e más nas Rías Baixas galegas.

A Terraza Norte dos Pericos parece así configurarse como un «proto-castro», o primeiro que se coñece con seguridade en Galicia. E, se os resultados ofrecidos pola sondaxe son extrapolábeis a toda ela, mesmo é posíbel que sexa un dos mellor conservados de todo o NW, xa que non parece ter sido reocupado durante a Idade do Ferro, como sucede por exemplo co propio São Julião. A terraza aparece dominada por enormes batolitos graníticos, como adoita ser habitual neste tipo de xacementos (Carballo e mais González, 2003), pero o seu emprazamento, porén, non responde, cando menos na actualidade, a un lugar estratéxico e naturalmente ben defendido, razón pola cal probablemente as obras de «fortificación» parecen acadar unha certa maior entidade ca noutros casos publicados, xa que o aterrazamento se estende pola pendente do promontorio ao longo de máis de 4 m. liñais. A presenza dun xacemento deste tipo a poucos metros da liña de costa, nun pequeno outeiro situado apenas 15 m. máis alto cá rasa litoral próxima, pode servir de feito para poñer en cuestión certas propostas que se están a facer sobre a caracterización dos xacementos desta época, do mesmo xeito que a teimosa presenza de castros da primeira Idade do Ferro na beiramar parece contradicir as construcións que sobre os mesmos se están a crear (p. ex., Carballo e mais González, 2003 ou Parcero et al., 2007).

#### **4.3. Os Pericos: un xacemento castrexo?**

As *terrazas Leste e Sur* (na que apenas se iniciou unha sondaxe) e, en xeral toda a metade oriental do promontorio dos Pericos (descoñecemos que sucede na zona occidental), pese á pendente que presentan, amosan restos arqueolóxicos que se deben interpretar como de habitación. Trátase de indicios dunha ocupación de época castrexa, concretamente con materiais adscribíbeis ao cambio de Era (ánforas, bordes marítimos, asas de carrete). Na Terraza Leste atopouse parte dunha construcción circular, seguramente unha vivenda, en nivel de cimentación, co seu muro que apoiaba parcialmente sobre un afloramento. Os materiais son todos do cambio de Era, pero non se conserva pavimento asociado, polo que o nivel desta época está moi arrasado pola erosión; que mesmo afecta ás pezas cerámicas dos niveis máis superficiais, que se presentan cun importante rodamento. Baixo a vivenda desenvólvese un nivel anterior, documentado apenas inicialmente. A terraza sur presenta unha posíbel segunda vivenda, de cronoloxía similar, aínda que poida ser lixeiramente anterior, xa que o material máis característico localizado, varios fragmentos dunha xerra/ola de tipo Toralla, forma parte dun tipo de pezas que se coñece desde a fase media da cultura castrexa, aínda que amose certa pervivencia en datas posteriores.

Polos datos obtidos durante as sondaxes semella que os abrigos rochosos próximos a estas terrazas formaron parte en realidade da área de ocupación do asentamento castrexo. Así, o denominado *abrigo 1* semella corresponder a unha


zona marxinal, como corresponde á súa posición extrema na zona hoxe en día habitábel, e mais ao reducido espazo que se desenvolve baixo a rocha, moi angosto como para supoñérmolo parte da área de habitación. Trátase seguramente dunha zona de basureiro (cómprase lembrar aquí a presenza de cunchas nos niveis documentados), onde os materiais se foron depositando como consecuencia da gravidade, logo de rodaren pola pendente. De todos os xeitos, non se pode desbotar que a erosión, que tanto afectou ao xacemento, teña feito desaparecer boa parte da auténtica área de ocupación, que se desenvolvería a cotas máis altas có abrigo, xa que ao oeste do mesmo se sitúa, na actualidade, un espazo aterrazado de moi pequena entidade. Se o nivel de incendio detectado na base da estratigrafía do abrigo, xusto sobre a duna fósil, é extensíbel a todo o asentamento, parece que a ocupación puido iniciarse na transición da I á II Idade do Ferro, logo de que se producise unha queima intencional da vexetación que existía sobre a duna. Máis problemas de interpretación plantexa o *abrigo 2*, coñecido popularmente como a «Sala do Perico». A abundancia de material, o remexemento da estratigrafía e a presenza dun muíño barquiforme escavado na rocha dificultan a súa comprensión. Dado que polo de agora non se documentaron restos de vivendas na sondaxe realizada, e que estas non parecen moi probábeis na zona interna do abrigo, en principio debemos pensar nel como unha nova zona de traballo destinada ao procesado dos alimentos (muíño) ao abrigo do saínte rochoso.

Os achados anteriormente expostos amósanse sorprendentes dado o coñecemento previo que tiñamos da fisiografía do promontorio dos Pericos: non existen nin muralla nin defensas artificiais que permitan definir o lugar como un xacemento de tipo «castro». Ante esta situación preséntasenos unha dualidade: ou ben os Pericos é un xacemento de época castrexa, pero de características «estrañas» desde o punto de vista da súa definición e limitación, ao carecer de muralla delimitadora, un asentamento similar así ao da Lanzada (O Grove, Pontevedra) aínda que non necesariamente cunha mesma orientación produtiva (Suárez e mais Fariña, 1990); ou ben o lugar foi sometido a unha impresionante erosión postdeposicional, que provocou a desaparición das defensas do xacemento. Aínda que non debemos deixar de lado completamente a primeira perspectiva, parece que pode ser a segunda a que polo de agora se amose más verosímil. De feito, a zona de ocupación claramente castrexa lembra bastante, coa súa disposición nunha zona de forte pendente, ao castro do Facho (Cangas do Morrazo, Pontevedra), que dispón o seu casarío pola empinada ladeira dun promontorio, se ben no noso caso se atopa practicamente a carón do mar. Cómprase aquí lembrar ademais o feito de que a Terraza Leste do promontorio remata de forma brusca contra o mar, nun corte case vertical que supera os dous metros de desnivel, e que descansa sobre enormes batolitos graníticos. Dentro deste corte distínguese unha capa de area endurecida duns 50 cm. de espesura, co que probablemente hai que relacionar o nivel de area localizado na base da estratigrafía do abrigo 1, e que debe ser interpretado como os restos dunha «duna fósil», é dicir, dunha duna hoxe desaparecida, cuxa formación parece remontarse a comezos do primeiro milenio

Vilaseco Vázquez, X.I. & Fábregas Valcarce, R.



**FIGURA 9:** Perfil da Terraza Leste, co depósito de area que define a duna fósil.



**FIGURA 10:** Muíño escavado nun batolito situado ao SE da terraza leste, colgado sobre o mar.

AC<sup>12</sup>. Se isto é así, igual que desapareceu a duna tamén puido desaparecer a muralla que limitaría o asentamento, e que estaría construída parcialmente sobre ela. O xacemento, daquela, semella moi arrasado, e parece que só neste sentido podemos interpretar a presenza dun segundo muíño barquiforme escavado na rocha, neste caso moi erosionado, sobre un dos grandes batolitos que se sitúan ao SE da terraza leste, colgados sobre o mar (Figura 10).

#### 4.4. Os Pericos: un xacemento do I milenio AC

As sondaxes realizadas téñennos posto ao descuberto, xa que logo, un xacemento completamente impensábel antes delas. Se ben certificaron a presenza de restos arqueolóxicos en todas as zonas intervistas, os achados amósannos un xacemento máis de 1.000 anos posterior ao esperado. Un suposto xacemento campaniforme tense convertido así noutro de época castrexa, se ben non poidamos asegurarlle a denominación de «castro» *sensu stricto*. Pero ademais trátase dun lugar no que o mundo castrexo presenta unha longa pervivencia, algo que cada día semella más frecuente, pero que aínda non se coñecía con tanta claridade para Galicia: desde os seus momentos de formación na transición do II ao I milenio A.C., documentados polo de agora únicamente na Terraza Norte, até o contacto co mundo romano, cara ao cambio de Era, en que se está a dar a ocupación das terrazas Leste e, seguramente, Sur.

Pero, contra o que sucede en casos similares coñecidos até hoxe, como o xa citado de São Julião, nos Pericos non parece existir unha continuidade da ocupación desde o Bronce Final até a Romanización. Efectivamente, semella haber un hiato de ocupación durante a I Idade do Ferro. A ocupación da primeira época pode estenderse a outras zonas do promontorio, aínda por escavar en extensión ou profundidade, pero dadas as características e dimensíons que semellan ter os poboados deste tipo non parece moi probable. A Terraza Norte semella baleira de ocupación en época serodia, o que probablemente ten conservado o *proto-castro* nunhas condicións de conservación excepcionais, e sen que as súas defensas e niveis de ocupación fosen alteradas por construcións posteriores. A terraza parece así abandonarse durante o Bronce Final, por razóns que aínda descoñecemos; a modo de hipótese pode apuntarse que nesta decisión puideron influír de maneira importante os cambios que se estaban a dar a comezos do I milenio no contorno inmediato ao xacemento, co desenvolvemento dunha duna pola beira leste da península dos Pericos. A reocupación do promontorio non se dará ate o terceiro cuarto do milenio, cando precisamente se queime a vexetación que cubría esa duna para permitir a construcción do asentamento, agora, xa, nunha zona máis favorábel, a metade oriental do promontorio.

Os Pericos é, daquela, un xacemento excepcional, nun contorno singular, que nos apunta as importantes modificacións que ten sufrido o medio nos últimos tres milenios, e que, aínda inmerso nesta dinámica, segue a ser devorado polo mar.

---

<sup>12</sup> Resultados preliminares do estudo do equipo do Prof. Dr. A. Martínez Cortizas.

## BIBLIOGRAFÍA

- AGRAFOYO PÉREZ, X. (1986). *Prehistoria e arqueoloxía da Terra da Barbanza*. Santiago: Concello de Noia.
- BETTENCOURT, A.M.S. (2000). *O povoado de São Julião, Vila Verde, Norte de Portugal, nos finais da Idade do Bronze e na transição para a Idade do Ferro*. Braga: Universidade do Minho.
- BETTENCOURT, A.M.S. (2001). *O povoado da Santinha, Amares, Norte de Portugal, nos finais da Idade do Bronze*. Braga: Universidade do Minho.
- BRADLEY, R.; FÁBREGAS VALCARCE, R.; BACELAS ALVES, L.; VILASECO VÁZQUEZ, X. I. (2005). «El Pedroso – A prehistoric cave sanctuary en Castille». *Journal of Iberian Archaeology* 7, p. 125-156.
- CARBALLO ARCEO, L. X.; GONZÁLEZ RUIBAL, A. (2003). A cultura castrexa do NW da península Ibérica en Galicia. *Boletín Auriense*, XXIII, p. 37-75.
- CONCHEIRO COELLO, A.; GIL AGRA, Mª D. (1994). «Una nueva zona de Arte Rupestre al aire libre en el NW: La Península de Barbanza». *Espacio, Tiempo y Forma. Serie I*, 7: 129-152.
- CONCHEIRO COELLO, A.; GIL AGRA, Mª D. (1997). *Prospección intensiva en la península do Barbanza: La evolución del hábitat desde el paleolítico hasta la Edad del Bronce. Campaña 1989*. Informe inédito depositado na Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia.
- CRİADO BOADO, F.; AIRA RODRÍGUES, M.ª J.; DÍAZ-FIERROS VIQUEIRA, F. (1986). *La construcción del paisaje: megalitismo y ecología en la sierra de Barbanza*. Santiago: Xunta de Galicia.
- CRİADO BOADO, F.; VÁZQUEZ VARELA, J. M. (1981). «Nuevos hallazgos de cerámica campaniforme en la provincia de La Coruña». *Brigantium*. A Coruña. 2, pp. 39-48.
- CRİADO BOADO, F.; VÁZQUEZ VARELA, J. M. (1982). *La cerámica campaniforme en Galicia*. Sada (A Coruña): O Castro.
- GIL AGRA, D. (1993). *Una aproximación a la organización del espacio en la Prehistoria Reciente: la Península do Barbanza*. Traballo de investigación de 3º ciclo. Inédito.
- GUITIÁN CASTROMIL, J.; GUITIÁN RIVERA, X. (2001). *Arte rupestre do Barbanza*. Noia: Toxosoutos.
- LÓPEZ CUEVILLAS, F.; BOUZA BREY, F. (1927/28). «Prehistoria e Floklore da Barbanza». *Nós*nº 46:9-17; 47:3-7; 49:7-12; 50:20-27; 51:43-48; 52:71-78. (Edición Fac., Xuntanza editorial, 1987).
- PARCERO OUBIÑA, C.; AYÁN VILA, X. M.; FÁBREGA ÁLVAREZ, P.; TEIRA BRIÓN, A. 2007. Arqueología, paisaje y sociedad. In González García, F. J. (coord.). *Los pueblos de la Galicia céltica*. Humanes (Madrid): Akal, p.131-258.
- REY CASTIÑEIRA, J. (1990/91). Cerámica indígena de los castros costeros de la Galicia occidental: Rias Bajas. Valoración dentro del contexto general de la cultura Castreña. *Castrelos*, III-IV, p. 141-163.
- SUÁREZ OTERO, J. e mais CARBALLO ARCEO, X. (1991-92). O castro das Orelas (Silleda). Novos datos sobre o vaso campaniforme na Galicia interior. *Cadernos de Arqueología*, 8-9, p. 67-95.
- SUÁREZ OTERO, J. e mais FARÍÑA BUSTO, F. (1990). A Lanzada (Sanxenxo, Pontevedra), definición e interpretación de un yacimiento castrexo atípico. Apuntes para un estudio de los intercambios en la costa atlántica peninsular. *Madridrer Mitteilungen*, 31, p. 309-337.